

DOCUMENTO Documento de TREWA: Prego Itinerarios Coruña Emprega 2017	IDENTIFICADORES a: TD99_PLIEGO_TECNICO, b: 90084 98139	
OTROS DATOS Código para validación: 700WP-A92I2-GV5CC Fecha de emisión: 24 de abril de 2017 a las 8:48:17 Página 1 de 6	FIRMAS El documento ha sido firmado por : 1.- J. DPTO. EMPLEO de AYTO.CORUÑA.Firmado 20/02/2017 14:26	ESTADO FIRMADO



Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 760985 700WP-A92I2-GV5CC 01E2738704880223EA6F8C254EE3E3B8FBF247F71) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento está FIRMADO. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

Dependencia: Servizo Municipal de Emprego e Empresa
Expediente: Prego de prescricións técnicas para a contratación de cursos - certificados de profesionalidade no Servizo Municipal de Emprego ano 2017
Ref.:

Prego de prescricións técnicas regulador da contratación por lotes, do desenvolvemento de accións de formación profesional ocupacional do Servizo Municipal de Emprego, no ámbito da obtención de certificados de profesionalidade

1. Obxecto do contrato

O obxecto do presente prego é a contratación por lotes dos cursos propios do Servizo Municipal de Emprego e Empresa do Concello da Coruña coas características e condicións previstas no presente prego.

As empresas optarán á contratación por lotes independentes, presentando propostas diferenciadas para cada lote. As ofertas económicas das empresas interesadas non poderán exceder do custo máximo de licitación para cada un dos cursos.

Para acreditar a solvencia técnica na formación para atención sociosanitaria ás persoas no domicilio, as empresas licitadoras, presentarán a documentación acreditativa de estar homologadas pola Consellería de Economía, Emprego e Industria (antes Consellería de Traballo e Benestar) para a impartición desta formación.

2. Descrición dos lotes dos cursos para o desenvolvemento da oferta de formación profesional ocupacional do Servizo Municipal de Emprego.

As ofertas das empresas licitadoras presentarán o programa do curso en función dos epígrafes referenciados para cada lote ou en función do enunciado da acción formativa.

Os lotes son os seguintes:

- *Lote 1: Formación para a atención sociosanitaria ás persoas no domicilio (SSCS0108) con certificado de profesionalidade (600 horas)*
- *Lote 2: Formación para a realización de operacións auxiliares de comercio e reposición (250 horas)*
- *Lote 3: Elaboración culinaria básica (260 horas)*

Lote 1: Formación para a atención sociosanitaria ás persoas no domicilio (SSCS0108) con certificado de profesionalidade: 600 Horas.


Axudar no ámbito sociosanitario no domicilio ás persoas con especiais necesidades de saúde física, psíquica e social, aplicando as estratexias e procedementos máis adecuados para manter e mellorar a súa autonomía persoal e as súas relacións co entorno.

A formación que se expón neste ámbito repártese en catro módulos formativos:

- Módulo de Hixiene e atención sanitaria domiciliaria (170 horas)
 - Características e necesidades de atención hixiénico-sanitaria das persoas dependentes (70 horas)
 - Administración de alimentos e tratamentos a persoas dependentes no domicilio (50 horas)

DOCUMENTO Documento de TREWA: Prego Itinerarios Coruña Emprega 2017	IDENTIFICADORES a: TD99_PLIEGO_TECNICO, b: 90084 98139
OTROS DATOS Código para validación: 700WP-A92I2-GV5CC Fecha de emisión: 24 de abril de 2017 a las 8:48:17 Página 2 de 6	FIRMAS El documento ha sido firmado por : 1.- J. DPTO. EMPLEO de AYTO.CORUÑA.Firmado 20/02/2017 14:26

ESTADO
FIRMADO



Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 760985 700WP-A92I2-GV5CC 01E2738704880223EA6F8C254EE3E3BFBF24F71) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento está FIRMADO. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

Dependencia: Servizo Municipal de Emprego e Empresa
Expediente: Prego de prescricións técnicas para a contratación de cursos - certificados de profesionalidade no Servizo Municipal de Emprego ano 2017
Ref.:

- Mellora das capacidades físicas e primeiros auxilios para as persoas dependentes no domicilio (50 horas)
- Módulo de Atención e Apoio psicosocial domiciliario (210 horas)
 - Mantemento e rehabilitación psicosocial das persoas dependentes no domicilio (80 horas)
 - Apoio ás xestións cotidianas das persoas dependentes (50 horas)
 - Interrelación, comunicación e observación coa persoa dependente e o seu entorno (80 horas)
- Módulo de apoio domociliario e alimentación familiar (100 horas)
 - Xestión, aprovisionamento e cociña na unidade familiar de persoas dependentes (60 horas)
 - Mantemento, limpeza e organización do domicilio de persoas dependentes (40 horas)
- Módulo de prácticas profesionais non laborais de atención sociosanitaria ás persoas no domicilio (120 horas por alumna ou alumno a razón de un máximo de 5 horas diarias)

O número máximo de alumnos e alumnas por edición será de 15 persoas

Esta formación realizarase en instalacións do provedor.

Lote 2: Formación para a realización de operacións auxiliares de comercio e reposición: 250 horas.


Realizar actividades auxiliares de reposición e acondicionamento no punto de venta e reparto de proximidades, seguindo instrucións e criterios establecidos, utilizando o equipo necesario, respectando as normas de seguridade e saúde, e prestando, no caso necesario, atención e información protocolarizada e estruturada, ao cliente no punto de venta ou no servizo de reparto de proximidade.

A formación que se expón neste ámbito é a seguinte:

- Módulo de formación específica (170 horas)
 - Operacións auxiliares no punto de venta (60 horas), incluíndo manipulación de alimentos, venta e reposición, e atención básica ao cliente
 - Operacións auxiliares de almacenaxe (40 horas)
 - Manipulación de carga con carretilla elevadora (50 horas)
 - Preparación de pedidos e reparto (20 horas)
- Módulo de prácticas profesionais titorizadas en empresas (80 horas por alumna ou alumno a razón dun máximo de 4 horas diarias)

O número máximo de alumnos e alumnas por edición será de 15 persoas

DOCUMENTO Documento de TREWA: Prego Itinerarios Coruña Emprega 2017	IDENTIFICADORES a: TD99_PLIEGO_TECNICO, b: 90084 98139
OTROS DATOS Código para validación: 700WP-A92I2-GV5CC Fecha de emisión: 24 de abril de 2017 a las 8:48:17 Página 3 de 6	FIRMAS El documento ha sido firmado por : 1.- J. DPTO. EMPLEO de AYTO.CORUÑA.Firmado 20/02/2017 14:26

ESTADO
FIRMADO

Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 760085 700WP-A92I2-GV5CC 01E2798704880223EA6F8C254EE3E3B8FBF24771) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento está FIRMADO. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

Dependencia: Servizo Municipal de Emprego e Empresa
Expediente: Prego de prescricións técnicas para a contratación de cursos - certificados de profesionalidade no Servizo Municipal de Emprego ano 2017
Ref.:

Esta formación realizarase en instalacións do provedor.

Lote 3. Elaboración culinaria básica: 260 horas

Pre-elaborar alimentos, preparar e presentar elaboracións culinarias sinxelas e asistir na preparación de elaboracións máis complexas, executando e aplicando operacións técnicas e normas básicas de manipulación, preparación e conservación de alimentos.

Programa de contidos:

Formación Específica (180 horas)

- Aplicación de normas e condicións hixiénico-sanitarias en restauración. (30 horas)
- Realización de elaboracións básicas e elementais de cociña e asistir na elaboración culinaria. (90 horas)
- Elaboración de pratos. (60 horas)

Módulo de prácticas profesionais no laborais de Operacións básicas de cociña. (80 horas por alumna ou alumno a razón dun máximo de 4 horas diarias).

O número máximo de alumnos e alumnas por edición será de 15 persoas

Esta formación realizarase en instalacións do provedor.

3. Mecanismo de seguimento e control

Tendo en conta as especiais características desta formación, estableceranse mecanismos de seguimento e control das empresas adxudicatarias. Deste xeito para cada acción formativa incluída nos lotes:

- a) O número de alumnos será o establecido para cada lote.
- b) A empresa adxudicataria aceptará as modificacións que desde o Servizo Municipal de Emprego, realícese no calendario inicial de programación do curso presentado pola empresa.
- c) O equipo técnico do Concello da Coruña inspeccionará as instalacións con antelación ao comezo do curso para comprobar a adecuación destas e dos medios técnicos ao reflectido na documentación facilitada pola empresa.
- d) A empresa adxudicataria deberá contar con instalacións, medios e materiais adecuados para a impartición das clases teóricas e teórico-prácticas, de acordo ao establecido nos módulos formativos.
- e) A empresa deberá contar con profesorado que teña a titulación oficial necesaria e a experiencia adecuada para que o alumnado alcance os obxectivos formativos do curso. Se o profesorado non cumpre cos requisitos, a empresa adxudicataria deberá substituílo por unha persoa que cumpra coas esixencias.
- f) Realizaranse visitas periódicas a cada curso, por parte do equipo técnico do Concello, tanto para titorizar ao alumnado, como para inspeccionar o seu funcionamento. Estas

DOCUMENTO Documento de TREWA: Prego Itinerarios Coruña Emprega 2017	IDENTIFICADORES a: TD99_PLIEGO_TECNICO, b: 90084 98139	
OTROS DATOS Código para validación: 700WP-A92I2-GV5CC Fecha de emisión: 24 de abril de 2017 a las 8:48:17 Página 4 de 6	FIRMAS El documento ha sido firmado por : 1.- J. DPTO. EMPLEO de AYTO.CORUÑA.Firmado 20/02/2017 14:26	ESTADO FIRMADO



Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 760985 700WP-A92I2-GV5CC 01E2798704880223EA6F8C254EE3E3BFBF24771) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento está FIRMADO. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

Dependencia: Servizo Municipal de Emprego e Empresa
Expediente: Prego de prescricións técnicas para a contratación de cursos - certificados de profesionalidade no Servizo Municipal de Emprego ano 2017
Ref.:

visitas poderán realizarse en calquera momento do desenvolvemento da acción formativa e sen previo aviso.

- g) O Concello, entregará un diploma acreditativo a aquelas persoas que superen a formación e/ou as prácticas correspondentes.

4. Compromisos das empresas adxudicatarias

A empresa adxudicataria queda obrigada a:

- a) Cumprir co anteriormente mencionado, no relativo á adecuación da titulación e experiencia profesional do persoal formador, así como aos espazos e instalacións onde se imparta a formación.

A entidades adxudicataria deberá contar con profesorado que teña a titulación oficial e a experiencia mínima requirida no certificado de profesionalidade correspondente ou equivalente a formación reflectida, para que o alumnado alcance os obxectivos formativos do curso.


A retribución do profesorado será a establecida no convenio colectivo de ensinanza e formación non regrada para a categoría profesional de profesor titular, mestre de taller ou titulado non docente, durante todo o curso (horas teóricas e prácticas).

- b) Presentar o manual de formación, que se entregará ao alumnado antes do inicio da formación.
- c) Cando o curso contémpole, a adxudicataria presentará a proposta de empresas ou institucións nas que se desenvolverán as prácticas titorizadas, antes de que transcorra o 25% das horas de formación específica, que en todo caso, deberá ser aprobada polo equipo técnico do Concello. Entenderase por clases teórico-prácticas as desenvolvidas nas instalacións e cos materiais, que permita a aplicación real da teoría.
- d) Realizar os controis diarios de asistencia do alumnado e remitilos no formato que desde o Servizo, establézase.
- e) Correrá a cargo da empresa adxudicataria, facilitar todo o material didáctico que se entregará no desenvolvemento do curso, manuais para o alumnado, dosieres incluído o necesario para o desenvolvemento das clases prácticas en taller, (uniformes, equipos de protección individual, calzado, etc.) e para o desenvolvemento das prácticas en empresa, si están contempladas no curso e presentar os partes de firmas de recepción do material entregado.

Todos os materiais didácticos tanto para a formación teórica como práctica, así como os equipos de protección mencionados serán supervisados e autorizados antes do inicio da acción formativa pola persoa encargada do contrato.

As calidades dos materiais mencionados no apartado anterior e para todos os lotes deberán axustarse á normativa de criterios de calidade e, en todo caso, cando a normativa comparada non o especifique, deberán ser especificados nas propostas realizadas polas empresas licitadoras e todos eles serán como mínimo de calidade

DOCUMENTO Documento de TREWA: Prego Itinerarios Coruña Emprega 2017	IDENTIFICADORES a: TD99_PLIEGO_TECNICO, b: 90084 98139	
OTROS DATOS Código para validación: 700WP-A92I2-GV5CC Fecha de emisión: 24 de abril de 2017 a las 8:48:17 Página 5 de 6	FIRMAS El documento ha sido firmado por : 1.- J. DPTO. EMPLEO de AYO.CORUÑA.Firmado 20/02/2017 14:26	ESTADO FIRMADO



Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 760085 700WP-A92I2-GV5CC 01E2738704880223EA6F8C254EE3E3B8FBF24F71) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento está FIRMADO. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

Dependencia: Servizo Municipal de Emprego e Empresa
Expediente: Prego de prescricións técnicas para a contratación de cursos - certificados de profesionalidade no Servizo Municipal de Emprego ano 2017
Ref.:

media. En canto a EPIS, estes axustaranse ás Normas técnicas de prevención elaboradas polo Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo e serán supervisados e autorizados antes do inicio da formación pola persoa encargada do contrato por parte do Concello.


- f) A empresa adjudicataria farase cargo da recollida, retirada e tratamento dos residuos que se poidan xerar nos diferentes lotes deste prego.
- g) A **formación teórica** desenvolverase en días laborables, de luns a venres, ambos inclusive, en horario de mañá ou tarde, de acordo coas necesidades do Servizo. As **prácticas** axustaranse ao horario laboral de cada empresa.
- h) O lugar de impartición da formación será o termo municipal do Concello da Coruña. No caso de que a empresa adjudicataria presente unha proposta de formación nunhas instalacións doutro termo municipal, os desprazamentos do alumnado correrán a cargo da empresa adjudicataria, non podendo nunca repercutirse este custo nas persoas beneficiarias da formación.
- i) Cando o curso inclúa prácticas, estas poderán realizarse en empresas situadas en concellos **limítrofes**. Os desprazamentos do alumnado que foxen necesarios para poder realizar as prácticas fóra do municipio da Coruña, serán a cargo da empresa adjudicataria, non podendo nunca repercutirse este custo nas persoas beneficiarias da formación.
- j) A selección do alumnado será competencia do Concello. A empresa adjudicataria poderá realizar a selección do alumnado, sempre baixo a supervisión do equipo técnico municipal.
- k) O prezo da adjudicación incluírá todos os gastos necesarios para a impartición do curso, **incluído o Seguro de Accidentes e de Responsabilidade Civil**, ambos para a parte teórica e para as prácticas, debendo presentar a empresa licitadora as correspondentes pólizas antes do seu inicio.

O seguro deberá cubrir tanto os riscos que poidan ter durante o desenvolvemento do curso, como os do traxecto ao lugar de impartición das clases e das prácticas. A súa duración comprenderá o período de duración do curso, incluíndo expresamente as prácticas cando estas realícense, sen que poida admitirse restrición nin exclusión algunha por razón do medio de transporte utilizado. Non se admitirán pólizas con franquías.

Estarán incluídos os gastos do seguro de accidentes dos participantes e o importe da póliza de responsabilidade civil para facer fronte aos riscos que para os bens e as persoas poidan derivarse da realización de actividades relacionadas co curso, incluídas as prácticas que se realicen nas empresas. O seguro deberá ter a seguinte cobertura mínima:

- En caso de morte: 60.000,00 euros
- No caso de invalidez permanente: 60.000,00 euros
- Asistencia médico – farmacéutica: durante un ano para partir do sinistro.

DOCUMENTO Documento de TREWA: Prego Itinerarios Coruña Emprega 2017	IDENTIFICADORES a: TD99_PLIEGO_TECNICO, b: 90084 98139	
OTROS DATOS Código para validación: 700WP-A92I2-GV5CC Fecha de emisión: 24 de abril de 2017 a las 8:48:17 Página 6 de 6	FIRMAS El documento ha sido firmado por : 1.- J. DPTO. EMPLEO de AYTO.CORUÑA.Firmado 20/02/2017 14:26	ESTADO FIRMADO



Esta es una copia impresa del documento electrónico (Ref: 760085 700WP-A92I2-GV5CC 01E2738704880223EA6F8C254EE3E3B8BF24F71) generada con la aplicación informática Firmadoc. El documento está FIRMADO. Mediante el código de verificación puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web que le proporciona la entidad emisora de este documento.

Dependencia: Servizo Municipal de Emprego e Empresa
Expediente: Prego de prescricións técnicas para a contratación de cursos - certificados de profesionalidade no Servizo Municipal de Emprego ano 2017
Ref.:

Estes gastos deberán presentarse desagregados por acción formativa e a súa imputación farase polo número de participantes. Non se admitirán pólizas con franquías.

- l) Os módulos de prácticas profesionais, cando estean programados, deberán de formalizarse a través de convenios de colaboración entre a adxudicataria e a/as empresas de prácticas, sendo xestionadas baixo a supervisión e control do equipo técnico do Servizo. Estes convenios supoñerán, en todo caso, a cooperación voluntaria do empresariado, polo que dentro do prezo de adxudicación non se incluírá ningunha remuneración pola súa participación.
- m) O período de prácticas incluírá una compensación por gastos de desprazamento de 9 euros día por persoa asistente ó curso.
- n) As empresas adxudicatarias deberán realizar a **titorización do alumnado** coa periodicidade, soportes e formatos que determine a dirección do Servizo. O persoal técnico do Servizo supervisará dicha titorización.
- o) As empresas adxudicatarias entregarán unha **Memoria Final** que incluírá as actividades realizadas, evidencias gráficas e unha avaliación final do alumnado participante, de acordo cun modelo que lle será facilitado.
- p) As empresas adxudicatarias deberán presentar unha declaración expresa de aceptación das obrigacións sinaladas nestas especificacións, debidamente asinada pola persoa responsable da mesma.
- q) As empresas licitadoras poderán presentar oferta polos lotes independentes.

A Coruña,
Xefe de Departamento de Emprego

Emilio Lesta Casal